

8796 *REAL DECRETO 412/2001, do 20 de abril, polo que se regulan diversos aspectos relacionados co transporte de mercadorías perigosas por ferrocarril.* («BOE» 110, do 8-5-2001.)

O Real decreto 2225/1998, do 19 de outubro, sobre transporte de mercadorías perigosas por ferrocarril derogou o Regulamento nacional para o transporte de mercadorías perigosas por ferrocarril (TPF), aprobado polo Real decreto 879/1989, do 2 de xuño, dispoñendo a aplicación ó transporte interno das normas vixentes en cada momento do regulamento relativo ó transporte internacional de mercadorías perigosas por ferrocarril (RID), anexo ó convenio relativo ós transportes internacionais por ferrocarril (COTIF), feito en Berna, o 9 de maio de 1980.

Se ben o citado Real decreto 2225/1998 se limitou a derroga-lo anexo do Real decreto 879/1989, naquel momento púxose de manifesto a necesidade de revisa-lo seu articulado actualizando as normas sobre condución e circulación de actuación en caso de accidente, incorporando outras sobre carga e descarga, certificación de vagóns, contedores, envases e embalaxes e grandes recipientes a granel non incluídas no RID, asignándose as verificacións e certificacións a organismos e entidades externas ás administracións públicas, co fin de axiliza-la súa obtención.

Sen embargo, estas normas non puideron introducirse no repetido Real decreto 2225/1998, debido a que xa era urxente a necesidade de incorporar ó ordenamento interno a Directiva 96/87/CE, da Comisión, do 13 de decembro, para a adaptación ó progreso técnico da Directiva 96/49/CE, e a que non era conveniente establecer de forma precipitada a regulación de referencia.

A esta necesidade obedece este real decreto, no que por razóns de claridade e economía se optou por recoller non só as referidas normas senón tamén as contidas no Real decreto 2225/1998, procedendo á súa derogación.

Esta disposición foi sometida ó procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos ós servizos da sociedade da información, previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 22 de xuño, modificada pola Directiva 98/48/CE do 20 de xullo, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, que incorpora estas directivas ó ordenamento xurídico español.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro do Interior, e dos ministros de Fomento, de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Sanidade e Consumo, de Medio Ambiente, e de Ciencia e Tecnoloxía, co informe da Comisión de Coordinación do Transporte de Mercadorías Perigosas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de abril de 2001,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Ámbito de aplicación e definicións

Artigo 1. *Normas aplicables.*

1. As normas vixentes en España en cada momento do regulamento relativo ó transporte internacional de mercadorías perigosas por ferrocarril (RID), anexo ó convenio relativo ós transportes internacionais por ferrocarril (COTIF), feito en Berna, o 9 de maio de 1980, serán de aplicación ós transportes que se realicen integramen-

te dentro do territorio nacional, sen prexuízo do disposto na lexislación sobre residuos perigosos e sobre explosivos.

Así mesmo, aplicaranse ó transporte interno as normas contidas nos acordos internacionais bilaterais ou multilaterais que, conforme o disposto no RID, sexan subscritos por España.

2. As disposicións recollidas neste real decreto serán aplicables ó transporte nacional e internacional de mercadorías perigosas por ferrocarril dentro do territorio español en tanto non resulten contrarias ó RID nin ós acordos internacionais bilaterais ou multilaterais que, conforme o disposto no RID, sexan subscritos por España.

3. Quedan excluídos do ámbito de aplicación deste real decreto os transportes de mercadorías perigosas por ferrocarril realizados con materiais pertencentes ás Forzas Armadas e á Garda Civil, ou baixo a súa responsabilidade, que se rexerán polo disposto na súa normativa específica, o contido da cal se axustará, no posible, ás condicións técnicas e de seguridade esixidas na regulamentación vixente.

Artigo 2. *Definicións.*

Para efectos deste real decreto entenderase por:

a) COTIF: convenio relativo ós transportes internacionais por ferrocarril, feito en Berna, o 9 de maio de 1980.

b) RID: regulamento relativo ó transporte internacional de mercadorías perigosas por ferrocarril anexo ó COTIF, coas súas modificacións.

c) Mercadorías perigosas: aquelas materias e obxectos para as que o transporte por ferrocarril está prohibido ou autorizado exclusivamente baixo as condicións establecidas no RID ou na normativa específica reguladora do transporte de mercadorías perigosas.

d) Transporte: toda operación de cambio de lugar en percorridos efectuados por ferrocarril realizada total ou parcialmente no territorio nacional, incluídas as actividades de carga e descarga das mercadorías perigosas, así como o cambio dun modo de transporte a outro e as paradas necesarias polas condicións de transporte. Non se inclúen os transportes efectuados integramente dentro do perímetro dunha empresa.

e) Expedidor: a persoa física ou xurídica por orde e conta da cal se realiza o envío da mercadoría perigosa, para o cal contrata o transporte figurando como tal na carta de porte.

f) Destinatario: a persoa natural ou xurídica á que se lle envía a mercadoría.

g) Cargador-descargador: a persoa física ou xurídica que realiza as operacións de carga e descarga da mercadoría.

h) Subministrador dos medios de porte: a persoa física ou xurídica que subministra os contedores, contedores cisterna, vagóns, vagóns cisterna, remolques ou semirremolques, sexan seus ou de terceiros.

i) Operador: a persoa física ou xurídica, ou a unidade orgánica funcional da rede ferroviaria, que xestiona e coordina o conxunto de operacións previas á posta en circulación dun vagón, contedor, ou un tren ou posteriores á súa entrega.

j) Administrador da infraestrutura: calquera entidade responsable da explotación, mantemento e, se é o caso, construción das infraestructuras ferroviarias e da xestión dos sistemas de regulación e seguridade do tráfico.

k) Empresa ferroviaria: calquera empresa privada ou pública que teña como obxecto principal prestar servizos de transporte de mercadorías e/ou viaxeiros por ferrocarril, debendo ser esta empresa en todo caso quen achegue a tracción.

CAPÍTULO II

Normas de circulación**Artigo 3. *Requisitos do persoal.***

1. Nos programas dos cursos de formación de persoal das empresas ferroviarias incluíranse ensinanzas específicas sobre o transporte e manipulación das mercadorías perigosas que se transporten por este medio.

2. O persoal ferroviario relacionado con estes transportes deberá someterse periodicamente a probas físicas, psíquicas e de coñecementos profesionais que garantan os niveis de aptitude profesional e de condicións persoais necesario para o normal desempeño das misións ou tarefas que lle correspondan en cumprimento das normas regulamentarias.

3. O persoal ferroviario que interveña no transporte de mercadorías perigosas non poderá consumir bebidas alcohólicas nin drogas tóxicas, estupefacientes, psicotrópicos ou substancias con efectos equivalentes ou análogos durante o seu desenvolvemento, nin nas seis horas anteriores que precedan á toma do servizo, e impedirásele a realización deste, ante calquera dúbida sobre o seu estado de sobriedade, se se comproba a impregnación alcohólica superior a 0,30 gramos de alcohol por mil centímetros cúbicos de sangue, 0,15 gramos de alcohol por litro de aire expirado ou se comprobe, por calquera medio científico de proba, que consumiu bebidas alcohólicas, drogas tóxicas, estupefacientes, psicotrópicos ou substancias con efectos equivalentes ou análogos.

Artigo 4. *Normas xerais de circulación.*

1. Os trens que transporten mercadorías perigosas deberán utilizar necesariamente, cando existan, as liñas que circunvalen as poboacións, excepto cando teñan que realizar operacións de carga e descarga nestas poboacións. Estas operacións realizaranse no menor tempo posible cunha programación previa ben definida.

2. As empresas ferroviarias non poderán planificar nin programar paradas en túneles de máis de 100 metros, nin circulacións de trens que inclúan estacionamento, nunha estación de núcleo habitado ou cando aquela estea situada a menos de 500 metros de distancia do núcleo máis próximo de poboación agrupada.

No caso de que existan estacións de orixe, clasificación ou destino, que se encontren en núcleo habitado ou situadas a menos de 500 metros daquel, nos que se deba realizar un estacionamento, as empresas de transporte ferroviario deberán dispor da organización e medios necesarios para, en caso de accidente, efectuar as actuacións máis urxentes para limitar as súas consecuencias, de acordo co artigo 4 do Real decreto 387/1996, do 1 de marzo, polo que se aproba a Directriz básica de planificación de protección civil ante o risco de accidentes nos transportes de mercadorías perigosas por estrada e ferrocarril.

3. Serán de aplicación as incompatibilidades de transporte entre vagóns, así como a de formación de trens, recollidas no RID, para os efectos de estacionamento con outros trens cargados con mercadorías perigosas en vías contiguas dunha mesma estación.

Artigo 5. *Permisos e autorizacións para determinados supostos.*

1. A Dirección Xeral de Ferrocarrís ou o órgano competente da Comunidade Autónoma, logo do informe da Comisión de Coordinación do Transporte de Mercadorías Perigosas, establecerán os criterios referentes á obten-

ción de permisos excepcionais para aquelas mercadorías non incluídas no RID, cando o seu transporte poida implicar especiais riscos por razón da súa innovación tecnolóxica, da carga ou da súa ordenación, que se completarán coas instrucións que, respecto da circulación, dicte o administrador da infraestrutura.

2. As empresas ferroviarias que teñan que utilizar tramos de liñas sometidos a restriccións ou prohibicións de circulación para os trens que transporten mercadorías perigosas deberán solicitarlle ó administrador da infraestrutura, logo de xustificación da necesidade, permiso especial no que constará calendario, horario, itinerario, a necesidade de acompañamento, se é o caso, e demais circunstancias específicas.

3. De acordo co disposto no RID, a Dirección Xeral de Ferrocarrís ou as comunidades autónomas competentes, se é o caso, poderán autorizar temporalmente, logo do informe da Comisión de Coordinación do Transporte de Mercadorías Perigosas, a realización de operacións de transporte en condicións distintas ás establecidas no RID co fin de levar a efecto os ensaios que posibiliten a modificación das disposicións deste, de acordo coa evolución da técnica e os usos industriais.

CAPÍTULO III

Normas técnicas sobre unidades de transporte, envases e embalaxes e grandes recipientes para granel**Artigo 6. *Envases e embalaxes.***

1. Como regulamentación complementaria para probas e certificacións de conformidade cos requisitos regulamentarios, prescritas no RID e neste real decreto, de recipientes, envases, embalaxes e grandes recipientes para granel (GRG) para o transporte de mercadorías perigosas cumprírase o establecido nas disposicións recollidas no número 1 do anexo 1 deste real decreto.

2. No caso de envases e embalaxes, a conformidade da produción en serie deberá efectuarse polo menos unha vez cada dous anos. Consistirá en comprobacións de tipo técnico, realizando as mostraxes e ensaios necesarios, co fin de verificar a adecuación do produto ás condicións iniciais.

3. As probas, auditorías e certificacións de tipo, así como as comprobacións de conformidade de produción e, se é o caso, as inspeccións iniciais a que se fai referencia na regulamentación, serán realizadas por organismos de control que, conforme o disposto no número 2 do artigo 8 deste real decreto, poidan actuar na comunidade autónoma onde estea radicado o fabricante, ou o seu representante legal, se o fabricante é estranxeiro.

4. Se é o caso, as inspeccións periódicas a que fai referencia a regulamentación serán realizadas por organismos de control que, conforme o disposto no número 2 do artigo 8 deste real decreto, poidan actuar na comunidade autónoma onde fose realizada a inspección.

5. Para os efectos do deseño e construción de recipientes para a clase 2, que non estean deseñados nin construídos conforme as normas establecidas no RID, recoñécese como código técnico as prescricións do Regulamento de aparellos a presión aprobado polo Real decreto 1244/1979, do 4 de abril, e as súas instrucións técnicas complementarias, entre tanto permanezan en vigor, e as prescricións contidas no Real decreto 222/2001, do 2 de marzo, polo que se dictan as disposicións de aplicación da Directiva 1999/36/CE, do Consello, do 29 de abril, relativa a equipos a presión transportables.

Artigo 7. *Vagóns cisterna e contedores cisterna.*

1. Como regulamentación complementaria ó establecido neste real decreto e no RID para o deseño, certificación da conformidade cos requisitos regulamentarios dun prototipo, construción e inspección inicial ou periódica de depósitos de vagóns cisterna e contedores cisterna cumprírase o establecido nas disposicións recollidas no número 2 do anexo 1 deste real decreto.

2. Os bloques de compatibilidade, para o transporte en vagóns cisterna e contedores cisterna das materias das distintas clases, así como os documentos de clase para certificación de prototipo e inspeccións iniciais e periódicas de cisternas, serán fixados e modificados por resolución da Dirección Xeral de Política Tecnolóxica do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía.

3. As inspeccións periódicas realizaranse coas periodicidades establecidas nas disposicións recollidas no número 2 do anexo 1 deste real decreto.

4. Cando se produza unha reparación por modificación ou accidente que afectase á seguridade do depósito ou dos seus equipos, debe efectuarse unha inspección extraordinaria de acordo co establecido nas disposicións recollidas no número 2 do anexo 1 deste real decreto.

5. As certificacións de prototipos de vagóns cisterna e contedores cisterna, incluíndo os medios de fixación do depósito, as auditorías dos medios de produción do fabricante, a comprobación da súa aptitude para realiza-los traballos de soldadura, o seguimento da construción en tódalas súas fases, a selección e verificación dos materiais, os controis non destructivos das soldaduras, incluída a súa selección, a adaptación da construción en tódolos seus aspectos ó proxecto, as inspeccións iniciais, antes da posta en servizo, dos vagóns cisterna e contedores cisterna, incluíndo os medios de fixación do depósito, características de construción, exame interior e exterior, ensaio de presión hidráulica e outras probas ou ensaios que se requiran e verificación do bo funcionamento do equipo, serán realizadas por organismos de control que poidan actuar na Comunidade Autónoma onde radique o fabricante ou o seu representante legal ou mandatario, se o fabricante é estranxeiro. As inspeccións periódicas dos vagóns cisterna e contedores cisterna serán realizadas por organismos de control que poidan actuar na comunidade autónoma onde se realice a inspección.

Artigo 8. *Organismos de control.*

1. Os fabricantes ou propietarios dos vagóns cisterna e equipos que fosen obxecto dun informe ou certificación por un organismo de control, poderán manifesta-la súa desconformidade ou desacordo co informe ou certificación polo procedemento previsto no artigo 16 da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria. En canto non exista unha revogación do informe ou certificación por parte da Administración, o interesado non poderá solicita-la mesma intervención doutro organismo de control.

2. Os organismos de control serán acreditados, autorizados e notificaranse, segundo se dispón na sección 1.^a do capítulo IV do Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, polo que se aproba o regulamento de infraestrutura para a calidade e seguridade industrial.

Os organismos de control, para realiza-las distintas actividades enunciadas, deberán estar acreditados conforme a norma UNE-EN 45.004 sobre criterios xerais para o funcionamento dos diversos organismos que realizan inspección, e cumprir cos requisitos adicionais establecidos no anexo 2 deste real decreto.

Artigo 9. *Rexistro de contrasinais.*

1. Os organismos de control, sempre que realicen actuacións de certificación de tipo solicitarán a asignación de contrasinal na forma que dispoña o órgano competente da comunidade autónoma onde estea radicado o fabricante, ou o seu representante legal, se o fabricante é estranxeiro. Da mesma forma, posteriormente, farán chegar para efectos de rexistro de contrasinais, copias asinadas e seladas da certificación de conformidade, que incluíra o contrasinal, así como os outros documentos relacionados nas alíneas a) ou b) do número 2 do artigo 13.

2. Para os efectos de cumprir coas obrigas que o RID establece para os estados, manterase un rexistro centralizado de contrasinais de tipo de envases e embalaxes, grandes recipientes para granel, cisternas, baterías de recipientes e contedores cisterna. Este rexistro integrarase na Dirección Xeral de Política Tecnolóxica do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía.

Artigo 10. *Modificacións de vagóns cisterna e contedores cisterna.*

As reparacións ou outras modificacións que se pretendan realizar nos depósitos de vagóns cisterna e contedores cisterna deberán ser obxecto dun informe favorable dun organismo de control, previo á súa execución, e só poderán ser levadas a cabo en talleres de constructores de cisternas ou talleres de reparación que dispoñan dos medios materiais e tecnoloxía adecuadas para a reparación, así como os medios e procedementos de control de calidade esixidos ós constructores e en especial no referente á ferramenta, equipos de soldadura, probas de válvulas, repostos e accesorios.

Nos casos que determine o órgano competente da comunidade autónoma onde se realice a reparación ou modificación, poderase esixi-la previa autorización administrativa para efectuala.

Artigo 11. *Placas dos vagóns cisterna e contedores cisterna.*

A marcaxe da placa dos vagóns cisterna e contedores cisterna a que fai referencia o RID será realizada polo organismo de control que efectuase a inspección.

O organismo de control arquizará unha fotografía ou fotocopia lexible das placas marcadas xunto coa documentación correspondente á inspección.

Artigo 12. *Inspeccións por accidentes.*

O órgano competente da comunidade autónoma remitiralle á Dirección Xeral de Política Tecnolóxica do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, co fin de realizar un seguimento nacional dos danos producidos por accidentes ocorridos en cisternas que transportan mercadorías perigosas, unha copia asinada e selada da documentación citada no artigo 13, número 2, alínea d), que se xere con motivo de inspeccións excepcionais por estas causas.

Artigo 13. *Obrigas dos organismos de control.*

1. Como consecuencia das actuacións dos organismos de control establecidas nos artigos anteriores, estes organismos xerarán os documentos que se citan para cada caso no anexo 3 deste real decreto.

2. Os documentos a que se fai referencia no número 1 deste artigo, incluídas as actas negativas, serán arquivados e custodiados polo organismo de control durante un prazo de polo menos dez anos ou ata a data

de caducidade do documento, se é superior a dez anos, estando en todo momento á disposición do órgano competente da comunidade autónoma onde se realizou a actuación. Non obstante, será remitida copia ó órgano competente da comunidade autónoma na forma que este dispoña, nos casos que a seguir se enumeran:

a) Certificación de tipo de envases, embalaxes e grandes recipientes a granel (GRG). Por duplicado: certificado de conformidade do tipo cos requisitos regulamentarios.

b) Certificación de prototipo de vagóns cisterna e contedores cisterna. Por duplicado:

1.º Certificado de conformidade do tipo cos requisitos regulamentarios.

2.º Documento H especial.

3.º Documento de clase.

4.º Ficha técnica.

c) Inspección inicial, antes da posta en servizo, dos vagóns cisterna e contedores cisterna:

1.º Acta de conformidade do vagón cisterna ou contedor cisterna co tipo.

2.º Documento H especial.

3.º Documento G1 e G2.

4.º Documento V, excepto contedores cisterna.

5.º Documentos de clase.

6.º Ficha técnica.

d) Inspeccións excepcionais. Nos casos en que sexan debidas a accidente, por duplicado:

1.º Informe previo á modificación ou reparación dun vagón cisterna ou contedor cisterna para o transporte de mercadorías perigosas.

2.º Acta de inspección dun vagón cisterna ou contedor cisterna para o transporte de mercadorías perigosas trala súa modificación ou reparación.

3.º Documento H especial.

4.º Documento G1 e G2.

5.º Documento V.

6.º Documentos de clase.

7.º Ficha técnica.

Artigo 14. *Inspeccións das administracións públicas.*

Cando considere necesario a administración competente comprobar calquera extremo sobre o cumprimento das prescricións dos apéndices X ou XI do RID por un ou varios vagóns cisterna e/ou contedores cisterna dun determinado propietario nacional ou estranxeiro, esta administración poderá solicitar, a través da empresa ferroviaria ou propietario, os documentos acreditativos do cumprimento do RID.

CAPÍTULO IV

Normas de actuación en caso de avaría ou accidente

Artigo 15. *Medidas que deberá adoptar-lo maquinista ou calquera persoa.*

En caso de inmovilización, por accidente ou avaría, dun convoi ferroviario que transporte mercadorías perigosas actuarase da seguinte forma:

a) O maquinista ou o seu axudante adoptarán inmediatamente as medidas que determinen as fichas de seguridade, facilitadas polo expedidor, para cada materia, clase de materia transportada, procedendo seguidamente, ben directamente ou a través do órgano que con esta finalidade teña establecido a empresa ferro-

viaria, a informar da avaría ou accidente ó teléfono de emerxencia que corresponda, de acordo coa relación, que para tal efecto será publicada, con carácter periódico, no «Boletín Oficial del Estado», mediante resolución da Dirección Xeral de Protección Civil.

b) Actuación de terceiros: en caso de imposibilidade de actuación do maquinista ou do seu axudante, para a aplicación de medidas de prevención ou protección, calquera persoa que advirta o anormal estado dun transporte de mercadorías perigosas absterase de actuar sobre a mercadoría e facilitará información inicial do feito á autoridade ou ó seu axente máis próximo polo medio máis rápido que teña ó seu alcance. Así mesmo, procurará alertar do perigo existente ós que poidan resultar afectados e, igualmente, auxiliar, se é o caso, as vítimas.

Neste suposto a autoridade ou o seu axente máis próximo, que recibiu a información inicial do feito, asegurase de que sexan informados inmediatamente os responsables de activa-los plans especiais de protección civil ante o risco de accidentes nos transportes de mercadorías perigosas por estrada e ferrocarril para que, en cada caso, segundo corresponda, se adopten as medidas de prevención ou protección que resulten máis adecuadas.

c) Forma de comunicación: a comunicación en caso de avaría ou accidente efectuarase polo medio máis rápido posible e incluírá os seguintes aspectos:

1. Localización do suceso.

2. Estado do convoi ferroviario empregado e características do suceso.

3. Datos sobre as mercadorías perigosas transportadas.

4. Existencia de vítimas.

5. Condicións meteorolóxicas e outras circunstancias que se consideren de interese para valora-los posibles efectos do suceso sobre a seguridade das persoas, os bens ou o ambiente e as posibilidades de intervención preventiva.

Artigo 16. *Actuación das autoridades competentes.*

En función das necesidades de intervención derivadas das características do accidente e das súas consecuencias xa producidas ou previsibles, as autoridades competentes aplicarán as medidas previstas nos plans especiais de protección civil ante o risco de accidentes nos transportes de mercadorías perigosas por estrada e ferrocarril.

Estes plans serán elaborados de acordo co establecido na Directriz básica de planificación de protección civil ante o risco de accidentes nos transportes de mercadorías perigosas por estrada e ferrocarril aprobada mediante o Real decreto 387/1996.

Artigo 17. *Colaboración doutras entidades.*

O Ministerio do Interior ou os órganos competentes das comunidades autónomas, en cada caso, así como aquelas entidades que representen sectores profesionais interesados (expedidores, transportistas, etc.), e co fin de colaborar nas actuacións en caso de accidente, fomentarán acordos ou pactos de axuda mutua entre as propias empresas dos sectores profesionais e acordos ou pactos de colaboración destas empresas coas autoridades competentes en tales circunstancias. Deles, daráselle información á Comisión Nacional de Protección Civil e, segundo proceda, á Comisión para a Coordinación do Transporte de Mercadorías Perigosas.

Os danos que deriven directa ou indirectamente do emprego de persoal e materiais das empresas incorporadas ós acordos ou pactos de colaboración coas auto-

ridades competentes, as lesións producidas ás persoas por estas actividades de colaboración nos plans especiais de protección civil fronte a estes accidentes e, así mesmo, os danos que causen a terceiros pola acción daqueles en tales circunstancias serán indemnizables, se é o caso, de conformidade co disposto na lexislación sobre responsabilidade da administración polo funcionamento dos servizos públicos, sen prexuízo do seu resarcimento por ela con cargo ó responsable do accidente.

Artigo 18. Fugas, derramos ou deformacións de cisternas.

Das actuacións que realicen as forzas e corpos de seguridade ou os órganos competentes en materia de transportes, como consecuencia de accidentes ou avarías de vehículos de mercadorías perigosas, onde se producen fugas, derramos ou deformacións de cisternas, remitirase un informe á Comisión de Coordinación do Transporte de Mercadorías Perigosas, podendo propor á vez ó órgano competente en materia de industria a inspección excepcional da cisterna, trala súa reparación.

CAPÍTULO V

Operacións de carga e descarga

SECCIÓN 1.^a NORMAS XERAIS

Artigo 19. Obrigas do expedidor e do portador.

O expedidor deberá proporcionarlle ó subministrador dos medios de porte ou ó transportista a información necesaria para a elección do medio ó contrata-lo transporte, e este responsabilizase de que reúna as condicións esixidas por aquel, así como as esixidas na regulamentación vixente para a mercadoría transportada.

Artigo 20. Documentación obrigatoria.

A carta de porte e demais documentación, esixida no RID, deberán ser entregadas ó maquinista ou operario responsable do tren antes de iniciarse o transporte.

O expedidor ou o cargador, por delegación deste, deberá asina-la carta de porte e facer constar nela, ou en declaración á parte, que a mercadoría se admite ó transporte por ferrocarril e que o seu estado e acondicionamento e, se é o caso, o envase e etiquetaxe responden ás prescricións do RID.

Os intermediarios no contrato de transporte deberán solicitar do expedidor a documentación obrigatoria, que transmitirán ó subministrador dos medios de porte ou ó transportista xuntamente coa carta de porte que subscriban, xuntando esta á mercadoría durante toda a operación de transporte de orixe a destino.

O maquinista ou operario responsable do tren instruírase sobre as particularidades da materia que vai transportar.

Artigo 21. Comprobacións.

1. O cargador esixirá a utilización das marcas, etiquetas e paneis que sexan esixibles para o medio de porte utilizado.

2. O cargador non poderá realiza-la carga dun medio de porte que careza das marcas e paneis esixibles ou que non reúna as condicións requiridas.

3. Por cada cargamento, o cargador deberá comprobar, polo menos, o cumprimento regulamentario de tódolos epígrafes aplicables en cada caso da lista de

comprobacións para carga de mercadorías perigosas que figura no anexo 4. O cargador non poderá inícia-la carga se non cumpre os requisitos regulamentarios dos epígrafes incluídos nos apartados: marcaxe e limpeza, estado de equipamento, comprobacións previas á carga. Igualmente, non se permitirá a saída do medio de porte se non se realizaron os controis dos epígrafes incluídos no apartado de controis despois da carga.

Artigo 22. Requisitos das operacións.

1. O persoal que realice a carga ou a descarga, de acordo coas normas establecidas neste real decreto, deberá coñecer, baixo responsabilidade do cargador-descargador, os seguintes aspectos:

- As características de perigosidade da mercadoría.
- O funcionamento das instalacións.
- Os sistemas de seguridade e contra incendios, estando experimentado na súa utilización.
- Os equipos de protección persoal requiridos na instalación e a súa utilización.

Así mesmo, deberá mante-lo persoal alleo ás operacións de carga e descarga apartado do lugar onde se realizan e impedir calquera traballo incompatible coa seguridade da operación nas inmediacións. En todo caso, deberá terse en conta que os medios de porte deberán estar inmovilizados durante a carga e descarga.

2. A empresa ferroviaria e o cargador e/ou descargador coordinarán as súas actividades de forma que o estacionamento dos medios de porte se faga en condicións adecuadas de seguridade, atendendo á perigosidade da materia transportada.

3. O acceso dos medios de porte ás instalacións farase coa autorización previa do cargador/descargador.

O persoal ferroviario que acompañe a estes medios estará suxeito ás normas e regulamentos internos da instalación.

Artigo 23. Responsabilidade do cargador.

1. En todo momento respectaranse as prohibicións, tanto de embalaxe como de transporte en común das materias, así como das limitacións de carga e condicións de transporte prescritas no RID, comprobándose por parte do cargador tales extremos antes da saída do medio de porte da instalación cargadora.

2. En todo caso, o cargador-descargador responsabilizase do cumprimento de tódalas obrigas establecidas neste real decreto e no RID relativas á carga e descarga do medio de porte e ás operacións necesarias para levalas a cabo.

Artigo 24. Vixilancia.

1. Antes de permiti-la saída do medio de porte despois da súa carga ou descarga, o cargador-descargador realizará unha inspección ocular para detectar posibles anomalías: vertidos non percibidos anteriormente, mangueras desconectadas, defectos na estiba dos vultos, etc. En caso de vertidos non se permitirá a saída do recinto do medio de porte antes de proceder á súa correcta limpeza.

2. As instalacións de carga e descarga disporán de áreas de estacionamento apropiadas para o normal desenvolvemento da súa actividade. Cando sexa necesaria a vixilancia dos medios de porte, esta adaptarase ás condicións sinaladas no RID.

SECCIÓN 2.^a TRANSPORTE EN CISTERNAS
E CONTEDORES CISTERNA

Artigo 25. *Requisitos das instalacións de carga e descarga.*

As instalacións de carga e descarga de cisternas e contedores cisternas que transporten mercadorías perigosas por ferrocarril deberán cumprilas seguintes normas:

a) Nas instalacións de carga a granel daquelas materias para as cales o RID establece un límite superior para o grao de enchedura será esixible que dispoña dun dispositivo de control da cantidade máxima admisible, de tipo óptico e/ou acústico que garanta as condicións de seguridade en razón do produto que transporte.

b) Cando as disposicións legais esixan a adecuación da cisterna ou contedor cisterna (inertización, limpeza interior ou exterior, etc.), para efectua-la carga dun produto incompatible co anteriormente transportado ou para o transporte de retorno, as instalacións de carga ou descarga ou ben deberán estar provistas dos equipos, dispositivos ou produtos adecuados para iso, ou ben o expedidor informará o transportista da instalación máis próxima onde puideran realizarse estas operacións. En ámbolos casos, as instalacións de adecuación das cisternas deberán contar coa debida autorización da Administración pública competente.

Artigo 26. *Limpeza das cisternas ou contedores cisterna.*

O subministrador dos medios de porte ou o transportista informará o cargador de cal foi a última mercadoría cargada, debendo, ademais, cumprilo disposto no RID sobre limpeza dos medios de transporte antes da carga. A limpeza inclúe os equipos de trasfega, se os levase.

O cargador deberá esixilo certificado de lavado da cisterna ou contedor cisterna, emitido por unha empresa autorizada pola Administración pública competente, no que conste que a cisterna está limpa e baleira; excepto cando a cisterna ou contedor cisterna veña baleiro de descargar unha mercadoría e vaia carga-la mesma ou outra compatible.

No caso de vagóns cisterna para a clase 2 que precisen regulamentariamente ou dispoñan dunha pantalla parasol ou calorifugado total ou parcial do depósito, o cargador esixirá antes de carga-los vagóns cisterna que estes elementos se encontren en bo estado de conservación, limpeza e pintura.

O cargador, cando o produto o esixa, comprobará que a atmosfera é a adecuada para realiza-la carga.

Para o exame interior das cisternas ou contedores cisterna utilizaranse medios adecuados ás características da mercadoría transportada con anterioridade.

Artigo 27. *Grao de enchedura.*

O expedidor indicarlle ó cargador ou fará constar na carta de porte ou documento análogo o grao de enchedura que corresponda a cada materia e recipiente, de conformidade co RID.

O cargador deberá calcula-la cantidade de carga en función da carga máxima da cisterna, dos graos de enchedura, a capacidade da cisterna e a carga residual contida, que deberá ser avaliada. No caso das cisternas e contedores cisterna compartimentados, terase en conta o disposto no parágrafo anterior para cada un dos depósitos. Co obxecto de evitar interpretacións erróneas,

as cantidades que hai que cargar indicaranse nas unidades máis apropiadas ó sistema de enchedura e control da instalación; é dicir: litros, quilos, altura de líquido no depósito, etc.

Artigo 28. *Requisitos das operacións de carga e descarga.*

O cargador-descargador realizará as operacións de carga e descarga, seguindo estritamente as instrucións do RID e as específicas dadas polo expedidor. En todo caso, deberá ter en conta o seguinte:

1. Cando a natureza da materia o requira, derivarase a terra a masa metálica do vagón cisterna.

2. Evitaranse desbordamentos ou emanacións perigosas que puideran producirse.

3. Vixiaranse as tensións mecánicas das conexións.

4. Non se emitirán á atmosfera concentracións de materias superiores ás admitidas pola lexislación correspondente.

5. Cada planta terá unhas instrucións específicas respecto a outras condicións da operación convenientes para cada mercadoría que se carga ou descarga cando sexan distintas ás normas xerais.

Artigo 29. *Comprobacións.*

A empresa ferroviaria comprobará que tódalas aberturas e peches dos orificios de enchedura, baleirado e seguridade están nas debidas condicións para inicia-la marcha. Cando sexa necesario, o cargador ou descargador acondicionará a atmosfera interior da cisterna ou contedor cisterna.

Cando a normativa aplicable o esixa ou simplemente a natureza da materia o aconselle, o cargador—descargador limpará externamente a cisterna ou contedor cisterna dos posibles restos da mercadoría que se poidan ter adherido durante a carga ou descarga.

CAPÍTULO VI

Réxime sancionador

Artigo 30. *Responsabilidades.*

Sen prexuízo do disposto na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, na Lei orgánica 1/1992, do 2 de febreiro, de protección da seguridade cidadá, na Lei 23/1992, do 30 de xullo, de seguridade privada, e no regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, e das responsabilidades doutra orde en que se poida incorrer, será de aplicación ó transporte de mercadorías perigosas por ferrocarril o réxime sancionador establecido na Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres e as súas normas de desenvolvemento; constituíndo este capítulo un desenvolvemento regulamentario especial da citada lei en virtude das singulares circunstancias concurrentes no transporte de mercadorías perigosas por ferrocarril.

Artigo 31. *Infraccións máis graves.*

De acordo co disposto no artigo 172.1 da Lei de ordenación dos transportes terrestres, poderán ser sancionados os titulares de concesións ou autorizacións de transporte ferroviario con multa de ata 1.000.000 de pesetas, podendo, así mesmo, acordarse a caducidade da concesión ou autorización, pola realización do transporte de mercadorías perigosas en condicións que supo-

ñan un risco para a seguridade pública, nos seguintes casos:

1. Utilización de vagóns que non cumpran as condicións técnicas regulamentarias esixidas para o transporte de determinadas clases de mercadorías perigosas.
2. Utilización de envases ou embalaxes non homologados, en caso necesario, ou gravemente deteriorados.
3. Utilización de vagóns cisterna, envases, embalaxes ou recipientes que presenten fugas.
4. Incumprimento das prohibicións de embalaxe nun mesmo vulto ou de cargamento en común nun mesmo vagón.
5. Incumprimento das limitacións das cantidades que se van transportar.
6. Incumprimento das normas sobre o grao de enchedura dos vagóns cisterna ou contedores cisterna.
7. Non informar sobre a inmovilización dos medios de transporte a causa de accidente ou incidente, ou non adoptar as medidas de seguridade e protección regulamentadas para estes supostos, excepto en caso de imposibilidade.
8. Non leva-los documentos de acompañamento da mercadoría ou non indicar neles, ou indicar inadecuada ou erroneamente, a mercadoría perigosa transportada, ou a falta de declaración do expedidor sobre a conformidade da mercadoría e o envase para o transporte.
9. Transportar mercadorías, pertencentes a clases limitativas, o transporte das cales non estea permitido, sen permiso excepcional.
10. Transportar mercadorías perigosas en réxime de ensaio sen a correspondente autorización temporal ou acordo bilateral ou multilateral para o transporte de mercadorías perigosas, ou incumplir condicións da autorización.
11. Carecer dos paneis, inscricións ou etiquetas de perigo regulamentarios que sexan obrigatorios ou utilizarlos inadecuadamente.
12. Carecer, cando sexa necesario de acordo co RID, da placa de aprobación cos datos regulamentarios ou das indicacións e marcas, nela, que se indican na citada normativa.
13. Non leva-las fichas de seguridade correspondentes á materia que se transporta, ou levar unhas inadecuadas.

Nos supostos previstos neste artigo, a inspección do transporte poderá acorda-la inmovilización do vagón ou o convoi ou, se é o caso, a denegación de entrada en territorio nacional ata que sexa reparada a causa que motivou a infracción, ordenando, para tal efecto, a adopción das medidas de seguridade oportunas, salvo que, polas circunstancias concorrentes, a inmovilización supoña un incremento do risco existente.

Artigo 32. *Outras infraccións.*

De acordo co establecido no artigo 172.2 da Lei de ordenación dos transportes terrestres, poderán sancionarse con multa de ata 300.000 pesetas as seguintes infraccións:

1. Non realizar nas plantas cargadoras as comprobacións que sexan obrigatorias antes, durante e despois da carga.
2. Transportar viaxeiros en medios de transporte que transporten mercadorías perigosas.
3. Incumprir as limitacións á circulación regulamentariamente establecidas, así como o disposto nos artigos 3, 4 e 5 deste real decreto.
4. Incumprir-la obriga de estaciona-los medios de transporte nas zonas de menor perigosidade, en defecto de zonas especificamente previstas para iso.

5. Non respecta-las condicións de illamento, estiba ou protección da carga regulamentariamente establecidas.

6. Carecer do certificado de lavado do vagón cisterna ou contedor cisterna emitido por empresa autorizada pola Administración pública competente sobre a limpeza dos medios de transporte, nos casos en que sexa necesario.

7. Non incluír nos documentos de acompañamento ou indicar inadecuada ou erroneamente algún dos datos que regulamentariamente deben figurar neles.

8. Incumprimento do equipamento dos medios de transporte requirido no RID.

9. Realiza-lo transporte de mercadorías perigosas sen leva-la placa de marcaxe pero posuíndo a acta da última inspección regulamentaria.

10. Realiza-lo transporte de mercadorías perigosas sen levar a bordo pero posuíndo a copia da autorización temporal, acordo bilateral ou multilateral ou permiso excepcional.

11. As infraccións previstas no artigo anterior, cando pola súa natureza, ocasión ou circunstancia, non deban ser sancionadas con multas superiores a 300.000 pesetas.

Disposición adicional única. Fichas de seguridade no transporte nacional.

Para os transportes efectuados integramente en territorio nacional, será de aplicación o disposto no número II, «Elementos básicos para a planificación», número 4 a), do Real decreto 387/1996, do 1 de marzo, polo que se aproba a Directriz básica de planificación de protección civil ante o risco de accidentes nos transportes de mercadorías perigosas por estrada e ferrocarril, sobre a obrigatoriedade de levar no transporte as fichas de seguridade das mercadorías perigosas que se transporten.

Disposición transitoria única. Validez de homologacións anteriores.

As homologacións concedidas ata a entrada en vigor deste real decreto polos órganos competentes en materia de seguridade industrial seguirán tendo a validez establecida nas disposicións segundo as cales foron emitidas.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango sexan contrarias ó disposto neste real decreto e, en particular, as seguintes:

a) Real decreto 879/1989, do 2 de xuño, polo que se aproba o Regulamento nacional do transporte de mercadorías perigosas por ferrocarril (TPF).

b) Real decreto 2225/1998, do 19 de outubro, sobre transporte de mercadorías perigosas por ferrocarril.

Mantéñense en vigor as disposicións relacionadas no anexo 1, na parte non regulada por este real decreto e en canto non se opoñan ó establecido nel ou no RID.

Disposición derradeira primeira. Habilitación normativa.

Os ministros competentes por razón da materia ditarán, conxunta ou separadamente, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto, logo do informe da Comisión de Coordinación do Transporte de Mercadorías Perigosas.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de actualización e modificación.*

Facúltase o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía para actualiza-lo anexo 1 e modifica-los anexos 2, 3 e 4 deste real decreto.

Dado en Madrid o 20 de abril de 2001.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,
JUAN JOSÉ LUCAS GIMÉNEZ

ANEXO 1

Regulamentación vixente

Neste anexo recóllense as disposicións vixentes que son de aplicación neste regulamento.

1. Envases e embalaxes:

a) Orde do Ministerio de Industria e Enerxía do 17 de marzo de 1986 pola que se dictan normas para a homologación de envases e embalaxes destinados ó transporte de mercadorías perigosas.

b) Orde do Ministerio de Industria e Enerxía do 28 de febreiro de 1989 que modifica o número 7.1 da do 17 de marzo de 1986 pola que se dictan normas para a homologación de envases e embalaxes destinados ó transporte de mercadorías perigosas.

c) Real decreto 222/2001, do 2 de marzo, polo que se dictan as disposicións de aplicación da Directiva 1999/36/CE, do Consello, do 29 de abril, relativa a equipos a presión transportables.

2. Cisternas e contedores cisterna:

a) Orde do 20 de febreiro de 1979 pola que se aproban as normas de construción e ensaio de cisternas para o transporte de mercadorías perigosas por estrada e se regula a súa homologación.

b) Orde do Ministerio de Industria e Enerxía do 20 de setembro de 1985 sobre normas de construción, aprobación de tipo, ensaios e inspección de cisternas para o transporte de mercadorías perigosas.

c) Orde do Ministerio de Industria e Enerxía do 30 de decembro de 1994 pola que se modifica a do 20 de setembro de 1985, sobre normas de construción, aprobación de tipo, ensaios e inspección de cisternas para o transporte de mercadorías perigosas.

d) Orde do Ministerio de Industria e Enerxía do 16 de outubro 1996 pola que se modifica a do 20 de setembro de 1985, sobre normas de construción, aprobación de tipo, ensaios e inspección de cisternas para o transporte de mercadorías perigosas.

e) Orde do Ministerio de Industria e Enerxía do 26 de agosto 1998 pola que se modifica a do 20 de setembro de 1985, sobre normas de construción, aprobación de tipo, ensaios e inspección de cisternas para o transporte de mercadorías perigosas.

f) Real decreto 222/2001, do 2 de marzo, polo que se dictan as disposicións de aplicación da Directiva 1999/36/CE, do Consello, do 29 de abril, relativa a equipos a presión transportables.

ANEXO 2

Organismos de control

I. Requisitos adicionais que deberán cumprilos organismos de control para realiza-la proba e aprobación de tipo e certificación da conformidade da produción

e, se é o caso, inspeccións periódicas de envases, embalaxes e grandes recipientes a granel (GRG).

a) O persoal que as realice debe ser técnico titulado coa cualificación, formación e experiencia apropiadas a esta actividade. En particular, debe ter un coñecemento satisfactorio das normas, dos códigos de deseño e construción de recipientes a presión aplicables, tanto nacionais como estranxeiros, e dos regulamentos nacionais e convenios internacionais que se apliquen ó transporte de mercadorías perigosas.

b) Deberán dispor, ademais, da documentación técnica vixente, que figura na columna I do cadro 2 e dos procedementos técnicos que figuran na columna I do cadro 3.

II. Requisitos adicionais que deberán cumprilos organismos de control para realiza-la aprobación de prototipo de vagóns cisterna e contedores cisterna, incluíndo os medios de fixación do depósito.

a) O persoal que as realice debe ser técnico titulado coa cualificación, formación e experiencia apropiadas a esta actividade. En particular, debe ter un coñecemento satisfactorio das normas, dos códigos de deseño e construción de recipientes a presión aplicables, tanto nacionais como estranxeiros, e dos regulamentos nacionais e convenios internacionais que se apliquen ó transporte de mercadorías perigosas.

b) Deberán dispor, ademais, da documentación técnica vixente, que figura na columna II do cadro 2 e dos procedementos técnicos que figuran na columna II do cadro 3.

III. Requisitos adicionais que deberán cumprilos organismos de control para o seguimento da construción en tódalas súas fases e para a inspección inicial, antes da posta en servizo, incluíndo os medios de fixación do depósito e inspeccións excepcionais de vagóns cisterna e contedores cisterna.

a) O persoal que as realice debe ser técnico titulado coa cualificación, formación e experiencia apropiadas a esta actividade. En particular, debe ter un coñecemento satisfactorio das normas, e especificacións de materiais, das soldaduras e tecnoloxía das unións soldadas, dos códigos de deseño utilizados na construción de recipientes, formación apropiada e capacidade para cualifica-los procedementos de soldadura utilizados na construción e te-la cualificación no nivel II das técnicas de ensaios non destructivos (END) empregadas durante a construción.

b) Deberán dispor, ademais, dos equipos de inspección, propios, contratados ou achegados polo taller que figuran na columna III do cadro I, da documentación técnica vixente, que figura na columna III do cadro 2 e dos procedementos técnicos que figuran na columna III do cadro 3.

IV. Requisitos adicionais que deberán cumprilos organismos de control para as inspeccións periódicas de vagóns cisterna e contedores cisterna.

a) O persoal que as realice debe ser técnico coa cualificación, formación e experiencia apropiadas a esta actividade. En particular, debe ter un coñecemento satisfactorio das normas e regulamentos nacionais que se apliquen ó transporte de mercadorías perigosas e dos procedementos de inspección e te-la cualificación no nivel II das técnicas de ensaios non destructivos (END) empregadas na inspección de que se trate.

b) Deberán dispor, ademais, dos equipos de inspección, propios, contratados ou achegados polo taller que figuran na columna IV do cadro I, da documentación técnica vixente, que figura na columna IV do cadro 2

e dos procedementos técnicos que figuran na columna IV do cadro 3.

CADRO 1

Equipos de inspección	III	IV
Medidor de espesuras por ultrasóns, válido para distintos materiais (mínimo aceiro e aluminio).....	X	X
Cinta métrica, galgas, calibres para control dimensional	X	
Pinzas amperimétricas (CC e CA) e termómetro de contacto ou xices termométricos, para control dos parámetros de soldadura.	X	
Equipos de END: líquidos penetrantes. Partículas magnéticas fluorescentes	X	X
Equipos de END: ultrasóns e radiografías. Equipos de DE: durómetro, fotomicrografía, fotomicrografía, máquina universal de ensaios de tracción e de pregado, máquina de ensaio de resiliencia (péndulo Charpy).	X	
Laboratorio de análises químicas de materiais	X	
Útiles e máquinas para a preparación de ensaios e probas	X	
Contador volumétrico ou báscula, con erro inferior ó 1 por 100 para a proba de capacidade	X	
Bomba hidráulica para a proba de presión.	X	X
Bomba de baleiro para a proba de cisternas crioxénicas, con illamento ó baleiro	X	X
Equipo de detección de fugas con gas trazador de helio, para as cisternas con illamento ó baleiro	X	X
Compresor pneumático para a proba de estanquidade	X	X
Spray de auga xabonosa para a detección de fugas	X	X
Banco de probas e compresor pneumático (ou botella de gas inerte) para a proba e calibración de válvulas de seguridade e comprobación de válvulas de aireación ...	X	X
Xogo de manómetros, aptos para medir no 2.º tercio da escala a presión que hai que verificar	X	X
Vacuómetro e termómetro (ata - 196 °C) para control de probas de baleiro	X	X
Lámpada antideflagrante		X
Explosímetro, para verifica-la ausencia de atmosferas explosivas		X
Cuños alfanuméricos, de distintos materiais.	X	X
Cámara fotográfica (propia)		X
Equipos de protección individual	X	X

CADRO 2

Documentación técnica vixente	I	II	III	IV
Regulamento relativo ó transporte internacional por ferrocarril de mercadorías perigosas (RID) ...	X	X	X	X
Normas de construción e ensaio de cisternas	X	X	X	X
Códigos de deseño de aparellos a presión permitidos pola Administración. Con carácter non limitativo admítense os seguintes códigos: ASME, British Standards, Ad-Merkblatt, CODAP, CERAP		X	X	X

CADRO 3

Procedementos técnicos	I	II	III	IV
Revisión de proxectos para a obtención da aprobación de cisternas.		X		
Revisión de expedientes relativos a:		X		
Modificación/reparación de cisternas. Legalización de cisternas de import.				
Avaliación de empresas para a súa inscrición como fabricantes de cisternas		X		
Supervisión de fabricación, modificación ou reparación de cisternas:			X	
Recepción de materiais				
Control de traslado de marcas				
Control de execución de soldadura.				
Supervisión de END				
Supervisión de DE				
Supervisión de análises químicas				
Control de tratamento térmico				
Control dimensional				
Inspección visual				
Inspección periódica de cisternas:				X
Inspección visual				
Probas:			X	X
Volumétrica				
Hidráulica				
Pneumática				
Baleiro				
Detección de microfisuras				
Funcionamento de equipos				
Mecanismos de seguridade				
Gravado de placas			X	X
Seguridade do persoal de inspección.			X	X

ANEXO 3

Documentación

I. Documentos que se xerarán para certificación de tipo de envases e embalaxes:

- Certificado de conformidade do tipo cos requisitos regulamentarios (apéndice 3.1).
- Actas de probas (apéndice 3.2).
- Actas de ensaios.
- Auditoría do sistema de control de calidade.

II. Documentos que se xerarán para a certificación de tipo de grandes recipientes para granel (GRG):

- Certificado de conformidade do tipo cos requisitos regulamentarios (apéndice 3.3).
- Actas de probas (apéndice 3.4).
- Actas de ensaios.

III. Documentos que se xerarán para o control de conformidade da produción de envases e embalaxes e grandes recipientes para granel (GRG):

- Acta de conformidade da produción (apéndice 3.5)

- b) Actas de probas (apéndice 3.2 ou 3.4).
 - c) Actas de ensaios.
- IV. Documentos que se xerarán para a certificación de prototipo de vagóns cisterna e contedores cisterna:
- a) Certificado de conformidade do tipo cos requisitos regulamentarios (apéndice 3.6).
 - b) Documento H especial (apéndice 3.7).
 - c) Documentos de clase (apéndice 3.8).
 - d) Ficha técnica (apéndice 3.20).
- V. Documentos que se xerarán durante o seguimento da construción en tódalas súas fases de vagóns cisterna e contedores cisterna:
- a) Acta de conformidade das unións soldadas (apéndice 3.9).
 - b) Informe radiográfico (apéndice 3.22).
 - c) Esbozo radiográfico (apéndice 3.23).
 - d) Acta de conformidade dos materiais (apéndice 3.10).
 - e) Esbozo de situación das placas (apéndice 3.24).
 - f) Acta de ensaio de tracción das probetas.
- VI. Documentos que se xerarán durante a inspección inicial, antes da posta en servizo, de vagóns cisterna e contedores cisterna:
- a) Acta de conformidade do vagón cisterna ou contedor cisterna co tipo (apéndice 3.11).
 - b) Certificado de proba de estanquidade (apéndice 3.18).
 - c) Certificado de proba de presión hidráulica (apéndice 3.19).
 - d) Acta de proba volumétrica (apéndice 3.12).
 - e) Certificado de calibración de válvulas de seguridade e proba de válvulas de aireación (apéndice 3.13).
 - f) Outras actas de proba regulamentariamente esixidas.
 - g) Documento H especial (apéndice 3.7).
 - h) Documentos G1 e G2 (apéndice 3.14).
 - i) Documento V (apéndice 3.26).
 - j) Documentos de clase (apéndice 3.8).
 - k) Ficha técnica (apéndice 3.20).
 - l) Fotocopia ou fotografía da placa de características da cisterna.
- VII. Documentos que se xerarán durante as inspeccións periódicas de vagóns cisterna e contedores cisterna:
- a) Acta de inspección periódica dunha cisterna ou contedor cisterna (apéndice 3.15).
- b) Certificado de proba de estanquidade (apéndice 3.18).
 - c) Certificado de proba de presión hidráulica, se corresponde (apéndice 3.19).
 - d) Certificado de calibración de válvulas de seguridade e proba de válvulas de aireación (apéndice 3.13).
 - e) Acta de ensaios non destructivos (para a clase 2) (apéndice 3.25).
 - f) Outras actas de proba regulamentariamente esixidas.
 - g) Documentos G1 e G2 (apéndice 3.14).
 - h) Documento V (apéndice 3.26).
 - i) Documentos de clase (apéndice 3.8).
 - j) Fotocopia ou fotografía da placa de características da cisterna.
- VIII. Documentos que se xerarán durante as inspeccións excepcionais:
- a) Informe previo á modificación ou reparación dun vagón cisterna ou contedor cisterna para o transporte de mercadorías perigosas (apéndice 3.16).
 - b) Acta de inspección dunha cisterna ou contedor cisterna para o transporte de mercadorías perigosas trala súa modificación ou reparación (apéndice 3.17).
 - c) Certificado de proba de estanquidade (apéndice 3.18).
 - d) Certificado de proba de presión hidráulica (apéndice 3.19).
 - e) Acta de proba volumétrica (apéndice 3.12).
 - f) Certificado de calibración de válvulas de seguridade e proba de válvulas de aireación (apéndice 3.13).
 - g) Outras actas de proba regulamentariamente esixidas.
 - h) Documento H especial (apéndice 3.7).
 - i) Documentos G1 e G2 (apéndice 3.14).
 - j) Documento V (apéndice 3.26).
 - k) Documentos de clase (apéndice 3.8).
 - l) Ficha técnica (apéndice 3.20).
- IX. Documentos que se xerarán durante as inspeccións iniciais ou periódicas de grandes recipientes a granel (GRG) cando sexan esixidas polo ADR, IMDG e RID.
- Acta de inspección inicial ou periódica dun gran recipiente para mercadorías a granel (GRG) para o transporte de mercadorías perigosas (apéndice 3.21).

ANEXO 4

Lista de comprobacións

(Só se comprobarán os epígrafes aplicables en cada caso)

1. Marcaxe e limpeza

Adecuación do vagón cisterna ás materias que hai que cargar e ós procedementos de carga, de conformidade coa marcaxe do vagón cisterna:

Documento de limpeza:

2. Estado de equipamento

Paneis de cor laranxa con numeración adecuada:

Comprobación ocular do bo estado do equipo de servizo do vagón cisterna ou contedor cisterna:

3. Comprobacións previas á carga

Inmovilización do medio de transporte:

Toma de terra conectada:

Existencia na estación de carga dos equipos de seguridade pertinentes:

Ausencia de traballo incompatible coa seguridade nas inmediacións do lugar de carga:

Cálculo do grao de enchedura e da carga máxima correspondente:

Existencia de carga residual en vagóns cisterna e contedores cisterna:

Atmosfera interior adecuada en vagóns cisterna e contedores cisterna:

4. Comprobación durante a carga

Ausencia de fugas e derramos:

Prohibición de fumar:

Velocidade de enchedura adecuada:

Brazos de carga ou manguera sen tensións:

Non se excede o grao máximo de enchedura en vagóns cisterna e contedores cisterna:

5. Controis despois da carga

Bocas de carga pechadas:

Ausencia de fugas e derramos:

Indicador do nivel de depósito:

Indicador do nivel de cisterna:

Cruceta de baleiro ou vareta nivel:

Contador volumétrico:

Inspección do nivel fixo da cisterna:

Outros

Comprobación da presión, se procede:

Colocación de etiquetas de perigo:

Paneis de cor laranxa con numeración adecuada:

Descarga de sobrantes de mercadoría, se existe:

Comprobación ocular final do estado do equipo de servizo da cisterna:

Carta de porte de M.P.:

Instrucións escritas de seguridade:

APÉNDICE 3.1

**Certificado de conformidade cos requisitos regulamentarios dun tipo de envase/embalaxe
para o transporte de mercadorías perigosas**

Número de contrasinal de tipo:
 Organismo de control:
 Marca de fábrica ou denominación comercial:
 Empresa fabricante:

Nome completo:
 Domicilio social:
 Nome e enderezo do representante legal do fabricante:
 Regulamentación aplicable:
 Identificación do envase/embalaxe:
 Tipo de envase/embalaxe:
 Código de envase/embalaxe:
 Modelo:
 Volume en m³:
 Peso bruto máximo:
 Dimensións
 Tensión de vapor a 50 °C máis alta das materias que se van transportar:
 Densidade máis alta de tódalas materias que se van transportar:
 Descrición do envase/embalaxe:

Características do envase/embalaxe:

A unidade antes citada é válida para o transporte das seguintes materias (clases e epígrafes):

De acordo coas seguintes excepcións:

Organismo de control e, se é o caso, laboratorios encargados das probas e ensaios:

Números das actas de probas e ensaios:

Entidade auditora que realizou a auditoría do sistema de control de calidade:
 Número da auditoría:
 Código de envase:
 Grupo de embalaxe:
 Marcaxe:

Estudiada a memoria descritiva do envase/embalaxe arriba referenciado, asinada por don , con data, vista a regulamentación aplicable e tendo en conta as probas e ensaios referenciados arriba, este organismo de control CERTIFICA que este tipo de envase/embalaxe cumpre coa regulamentación vixente para a súa aprobación.

Enodede 20

O director técnico do organismo de control

Observacións:

1. As características da produción en serie corresponderán en todo momento co tipo certificado.
2. A conformidade da produción efectuarase polo procedemento establecido na OM de Industria e Enerxía do 17 de marzo de 1986 e demais regulamentación vixente.
3. A certificación de tipo será cancelada se se comproba que as características da produción en serie non coinciden coas do tipo certificado.
4. A marcaxe efectuarase segundo o disposto na regulamentación aplicable.

APÉNDICE 3.2

Acta de probas dun tipo de envase/embalaxe para o transporte de mercadorías perigosas

Número de acta:
 Organismo de control:
 Nome do inspector:
 Datas das probas: de a
 Enderezo completo do lugar das probas:
 Empresa fabricante do envase/embalaxe:

Nome completo:
 Domicilio social:

Se é o caso, representante legal do fabricante:

Regulamentación aplicable:
 Tipo de envase/embalaxe:
 Código de envase/embalaxe:
 Modelo:
 Descrición do envase/embalaxe:

Características do envase/embalaxe:

Probas:**Caída:**

Descrición da proba:
 Altura de caída:
 Número de mostras:
 Resultado: satisfactorio/non satisfactorio (1).

Amoreamento:

Descrición da proba:
 Peso amoreado sobre cada envase:
 Número de mostras:
 Resultado: satisfactorio/non satisfactorio (1).

Estanquidade:

Descrición da proba:
 Presión do aire:
 Número de mostras:
 Resultado: satisfactorio/non satisfactorio (1).

Presión interna:

Descrición da proba:
 Presión de proba:
 Número de mostras:
 Resultado: satisfactorio/non satisfactorio (1).

Outras probas:

Efectuadas sobre o envase/embalaxe arriba citado as probas descritas, considérase que os resultados son CONFORMES/NON CONFORMES coa regulamentación vixente.

Marcaxe:
 En de de 20

O organismo de control

(1) Rísquese o que non proceda.

APÉNDICE 3.3

**Certificado de conformidade cos requisitos regulamentarios dun tipo de gran recipiente
para granel (GRG) para o transporte de mercadorías perigosas**

Número de contrasinal de tipo:

Organismo de control:

Empresa fabricante:

Nome completo:

Domicilio social:

Regulamentación aplicable:

Identificación do GRG:

Tipo:

Material e código (marcado ONU):

Grupo de embalaxe:

Presión máxima de deseño kg/cm²:Presión de servizo en kg/cm²:Volume en m³:

Peso bruto máximo admisible en kg:

Tensión de vapor a 50 °C máis alta das materias que se van transportar:

Densidade máis alta de tódalas materias que se van transportar:

Materias que poden transportarse (clases e epígrafes):

Marcaxe:

Estudiado o proxecto correspondente ó GRG arriba citado, vista a regulamentación aplicable e á vista dos resultados que figuran nas seguintes actas:

Actas de probas número(2).

Actas de ensaios número(3).

(2) Indíquense as probas.

(3) Indíquense os ensaios.

Este organismo de control CERTIFICA que este tipo de envase/embalaxe cumpre coa regulamentación vixente para a súa aprobación.

O proxecto presentado, visado polo Colexio Oficial de, co número, de data, consta da documentación seguinte, a cal foi selada por este organismo:

Memoria con cálculos xustificativos.

Equipos de servizo e estruturais.

Proceso de fabricación e procedemento de soldadura.

Bloques ou grupos de substancias autorizadas.

Planos número

Enodede 20

APÉNDICE 3.4

**Acta de probas dun tipo de gran recipiente para graneis (GRG) para o transporte
de mercadorías perigosas**

Número de acta:

Organismo de control:

Nome do inspector:

Datas das probas: de a

Enderezo completo do lugar das probas:

 Empresa fabricante do GRG:

Nome completo:

Domicilio social:

Se é o caso, representante legal do fabricante:

Regulamentación aplicable:

 Identificación do GRG:

Tipo:

Material e código:

Grupo de embalaxe:

Presión máxima de deseño kg/cm²:

Presión de servizo en kg/cm²:

Volume en m³:

Peso bruto máximo admisible en kg:

Descrición do GRG:

 Probas:

 Izado da parte inferior:

Descrición da proba:

Total de carga:

Resultado: satisfactorio/non satisfactorio (4).

 Amoreamento:

Descrición da proba:

Total de carga:

Resultado: satisfactorio/non satisfactorio (4).

 Estanquidade:

Descrición da proba:

Presión do aire:

Resultado: satisfactorio/non satisfactorio (4).

 Presión interna:

Descrición da proba:

Presión de proba:

Resultado: satisfactorio/non satisfactorio (4).

Caída:

Descrición da proba:
Resultado: satisfactorio/non satisfactorio (4).

Outras probas:
.....

Efectuados sobre o GRG arriba referenciado os ensaios descritos, considérase que os resultados son CONFORMES/NON CONFORMES (4) coa regulamentación vixente.

Marcaxe:
Enodede 20.....

O organismo de control

(4) Rísquese o que non proceda.

APÉNDICE 3.5

Acta de conformidade da produción de envases/embalaxes ou GRG

Número de acta:

Organismo de control:

Nome do inspector:

Empresa fabricante:

Nome completo:

Domicilio social:

Enderezo completo do lugar onde se realizou:

Descrición dos modelos de envase/embalaxe ou GRG e os seus números de contrasinal de tipo que foron sometidos a conformidade de produción:

.....

.....

.....

Números das actas de probas e ensaios xerados por este control de conformidade:

.....

Realizado o control de conformidade da produción obxecto desta acta, así como as probas e ensaios arriba citados, considérase que a produción dos envases e embalaxes ou GRG, dos que os modelos e contrasinais de tipo figuran arriba, son conformes coa regulamentación vixente.

Enodede 20

O director técnico do organismo de control

APÉNDICE 3.6

Certificado de conformidade cos requisitos regulamentarios dun tipo de vagón cisterna ou contedor cisterna para o transporte de mercadorías perigosas por ferrocarril

Número de contrasinal de tipo:

Organismo de control:

 Cisterna (5). Contedor cisterna.

Empresa fabricante:

Nome completo:

Domicilio social:

Identificación da cisterna:

Tipo:

Marca:

Modelo:

Volume total en m³:Presión de servizo en kg/cm²:

Productos que poden transportarse (clases e epígrafes):

Estudiado o proxecto correspondente á cisterna arriba referenciada e vista a regulamentación correspondente, e especialmente o regulamento relativo ó transporte internacional por ferrocarril de mercadorías perigosas (RID) e normas de construción e ensaio de cisternas, este organismo de control CERTIFICA que este tipo de cisterna, cumpre coa regulamentación vixente para a súa aprobación.

O proxecto presentado, visado polo Colexio Oficial de, co número, de data consta da documentación seguinte, a cal foi selada por este organismo:

Memoria con cálculos xustificativos.

Equipos de servizo e estruturais.

Proceso de fabricación e procedemento de soldadura.

Bloques ou grupos de substancias autorizadas.

Planos número:

(5) Sinálese o que corresponda.

Anexos a este certificado, co número de contrasinal de tipo e selados por este organismo están:

Ficha técnica da cisterna.

Documento H especial.

Documentos de clase.

En o de de 20

O director técnico do organismo de control

Observacións:

1. As características de construción das cisternas que se fabriquen corresponderanse coas que figuran neste certificado, os seus anexos e o proxecto referenciado.

2. A conformidade da produción comprobarase polo procedemento establecido na regulamentación vixente.

3. Este certificado perderá a súa validez se se comproba que as características de produción non coinciden coas do tipo aprobado.

APÉNDICE 3.7

Documento H especial

(Anverso)

A. Organismo de control:

A1. Código do organismo:

A2. Data do informe:

A3. Número de informe:

B. Fabricante:

B1. Número de fabricante:

B2. Número de contrasinal de tipo:

C. Datos xerais:

Presións manométricas (kg/cm²):

C1. De cálculo:

C2. De proba:

C3. Máxima de servizo:

C4. De enchedura/baleirado:

C5. Estática:

C6. Volume total:

C7. Material da envolvente:

C8. Diámetro equivalente:

Espesores mínimos ou de cálculo (mm):

C9. Virois:

C10. Fondos:

C11. Quebraondas:

C12. Anteparos:

C13. De acordo con:

C14. Tipo:

D. Construcción:

D1. Existen proteccións contra impactos laterais e envorcaduras:

D2. As suxeicións son equipotenciais:

D3. Dispón de conexión para posta a terra:

E. Equipos:

E1. Existen orificios de limpeza por debaixo do nivel do líquido:

E2. Existen aberturas ou conexións de encanamentos por debaixo do nivel do líquido:

E3. O depósito ou os seus compartimentos teñen aberturas de inspección:

E4. O depósito está pechado hermeticamente sen dispositivos de seguridade:

E5. Dispón de válvula de seguridade por compartimento:

E7. O depósito dispón dos peches regulamentarios:

E8. O depósito e/ou os seus compartimentos dispoñen de peches para a descarga por debaixo:

(Reverso)

F. Materias que hai que transportar (bloques e en clase 2, se é o caso, número ONU das materias):

G. Protección antienvorcadura e contra impactos laterais da cisterna (especificádeas segundo ADR):

H. Materiais metálicos empregados na cisterna:

Coeficiente lambda de soldadura s/ADR (especificade):

Tensión de ruptura mínima (especificade):

Límite elástico mínimo (especificade):

Alongamento (especificade):

En o de de 20

O organismo de control

O fabricante

APÉNDICE 3.8

Documentos de clase*Inspección específica para a clase 2*

- A. Apéndices X e XI do RID marxinal 2.1:
- A1. As materias recollidas no certificado, motivo deste informe, poden transportarse en:
- B. Apéndices X e XI do RID marxinal 2.3:
- B1. As tubaxes de baleirado dispoñen de dispositivo de peche segundo o marxinal 2.3.1:
- B2. Existen os dispositivos internos de seguridade adecuados:
- B3. Existen obturadores internos en tódolos orificios de diámetro maior de 1,5 mm segundo o marxinal 2.3.2.2:
- B4. As válvulas de seguridade cumpren segundo o marxinal 2.3.3:
- B5. Existe protección calorífuga:
- B6. A protección calorífuga cumpre segundo o marxinal 2.3.4:
- B7. As baterías de recipientes cumpren segundo o marxinal (nulo).
- B8. Realizouse no seu momento a medida de capacidade por pesada ou contador:
- B9. A marcade cumpre segundo o marxinal 2.6:
- B10. Existe a placa especial coas indicacións requiridas nas normas de construción e ensaio s/número 2.5.10:
- B11. Efectuáronse os ensaios non destructivos preceptivos segundo as normas de construción e ensaio s/número 3.3.3:
- B12. Tubaxes e aparellos de medida cumpren co indicado nos números 2.5.7 e 2.5.8 das normas de construción e ensaio:
- C. Materias solicitadas para esta clase:
- Bloques:
- Materias:

Inspección específica para a clase 3

- A. Apéndices X e XI do RID marxinal 3.1:
- A1. As materias recollidas no certificado, motivo deste informe, poden transportarse en:
- A2. Os dispositivos de aireación levan sistemas de protección contra a propagación da chama s/marx. 3.3.3:
- A3. A válvula de seguridade vai precedida dun disco de ruptura:
- A4. O disco de ruptura é de marca coñecida, e rompe a un 10 por 100 dos 5/6 da presión de proba en cisternas de ata 4 bares, ou 2/ de presión de proba nas de máis de 4 bares:
- B. Materias solicitadas desta clase:
- Bloques:

Inspección específica para a clase 4

- A. Apéndices X e XI do RID marxinal 4.1:
- A1. As materias recollidas no certificado, motivo deste informe, poden transportarse en:
- B. Clase 4.1:
